




O COUREL DE NOVONEYRA

Eidos de ollarollar

Isidro Novo

Unha iniciativa da Asociación de Escritores en Lingua Galega, co apoio da Área de Cultura da Vicepresidencia primeira da Excelentísima Deputación Provincial de Lugo (Plan estratéxico de subvencións da Área de Cultura, 2010)

© Do texto: Isidro Novo

© Asociación de Escritores en Lingua Galega

Consello Directivo da AELG

Presidencia **Cesáreo Sánchez Iglesias**

Vicepresidencia **Antía Otero**

Secretaría Xeral **Mercedes Queixas Zas**

Tesouraría **Marta Dacosta**

Vogalía de Lugo **Isidro Novo**

Vogalía de Pontevedra **Elvira Riveiro**

Vogalía de Vigo **Francisco Castro**

Vogalía da Coruña **Francisco Souto**

Vogalía de Ourense **Xerardo Méndez**

Vogalía de Relacións coa Lusofonía **Carlos Quiroga**

Vogalía de Relacións Internacionais **Xavier Queipo**

Vogalía de Literatura de Tradición Oral **Antonio Reigosa**

Agradecementos Orlando Gregorio Álvarez Álvarez e todas as persoas e entidades que achegaron fotografías para a presente publicación.

Fotografías

Antonio Lema (páxina 59)

Aránzazu Paz López (páxina 22)

culturagalega.org - Consello da Cultura Galega (páxinas 15, 19, 23, 24, 26, 27, 28, 30, 41, 42, 43, 52, 56, 57 e 60)

Héctor Fdez. Santos-Díez (páxinas 5, 13, 14, 20, 25, 31, 32, 34, 35, 36, 38 e 40)

Manuel Armas Munín (páxinas 12, 53, 54 e 55)

Olga Raposo (páxina 45b)

Rocío Candaes Romeo (fotos de capa, contracapa e páxinas 45a, 46, 47 e 48)

Planos Héctor Fdez. Santos-Díez

Deseño e maquetación Improset Gráficas

Imprime Improset Gráficas

Edita Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG)

www.aelg.org

oficina@aelg.org

D. L. C 3808-2010

O COUREL DE NOVONEYRA

Eidos de ollarollar

Isidro Novo


...camiños camiños non
carreiros a rubir e baixar e virar i escadar repetos
poxas

nunca ó lonxe ollarollar...

'Galicia teima vida / Poema Mundo Laxeiro'
Do Courel a Compostela, 1956-86 (1988)

ÍNDICE

Prólogo da Deputación Provincial de Lugo	7
Prólogo da Asociación de Escritores en Lingua Galega	9
Declaración de Intencións	11
Prólogo ás tres rutas	13
De Parada a Piapáxaro	17
Roteiros con ardeos e desvíos	31
Primeiro percurso	31
Segundo percurso	51
Planos	63





Nuns tempos ben espiñentos para a lingua galega, esta Área de Cultura da Vicepresidencia primeira da Deputación de Lugo sabe da súa responsabilidade no labor diario de alentar e estimular a nosa cultura. Nese camiño vai a nosa achega ao recoñecemento social e á difusión da obra de Uxío Novoneyra, un dos grandes poetas do país, que nos deixa en herdanza escrita a forza tanxible dos eidos.

Queremos que a súa obra se converta nun presente e inmorredoiro exemplo de amor pola terra, un canto de permanencia, daqueles *«poemas que sólo poden escribirse na nosa Fala»*, da mensaxe dun universo vital que renace a cada momento no seu verbo sentido.

E que mellor para apalparmos o orbe terreño de Novoneyra que percorrer as xeografías nas que mora a esencia patria, percibir os murmurios e o bulicio dos seus seres ou acariciar o aire dos seus souts e carballeiras.

Gocemos, pois, dos itinerarios que nos ofrece a Asociación de Escritores en Lingua Galega nesta guía e percorramos co «*verbo orixinario, depositario da memoria común*» os rastros de espazos e lugares, o ronsel de nación e lingua, que nos legou Novoneyra.

Xosé Antón Bao Abelleira
Vicepresidente primeiro da
Deputación Provincial de Lugo



A MAXESTADE HERDADA DA TERRA

Quizais é que cada terra elixe dende a súa natureza un ser na que se sentir representada. A persoa sinxela, próxima e entrañábel do Uxío Novoneyra que coñecemos, a súa presenza maxestosa, poderá ser comprendida visitando as súas terras d'O Courel e as lindeiras coas que el tece os seus poemas. A humildade e mesmo o abandono dos lugares non empece que sintamos con claridade a airexa e a vertixe do magnífico, do grandioso.

Amaba Novoneyra, quen foi o presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, os seus altos e irados eidos cunha intensidade sublime, como é doadamente perceptíbel nos seus poemas. Cando falaba da súa terra, Uxío sorría como alguén que aspira o recendo dunha flor, premendo un chisco as pálpebras sobre os ollos e deixando escapar, coma se dun zume deles fose, un ilusionado e luminoso brillo.

Para o noso poeta, a terra non era a paisaxe na súa fermosa tona, era a terra como ser que xera e dá vida a unha fala, a toda a

verdade de noso que nela habita. A lingua que o vento crea coas súas azas enchoupadas en chuva, cos ollos a erbellar en claridade. O aturular da ave, o ruxir da fonte, o bruar do vento. O non dito porque xa é só ollar ou é sen saber ou xa é secreto non revelado, todo, mesmo o silencio da serra ou das nebras, deixa a súa pegada no seu nomear as cousas, a terra, para non as mancar, como pegadas do lobo na branca tona do inverno. A luz do verao que o labrego ceifa e abraza en gavillas. Todo en Novoneyra é creador de vida que acrisola na verba amada, a que canta no futuro antigo. E así, díxonos: *«porque residimos tanto na Lingua coma na Terra»*.

Para a AELG que hoxe continuamos a construír, seguindo o ronsel sempre presente de Uxío Novoneyra, o noso Socio de Honra no ano 2000, esta nova entrega é a imaxe tanxíbel do noso soño e do noso agradecemento.

Cesáreo Sánchez Iglesias,
Presidente da AELG

Mercedes Queixas Zas,
Secretaria Xeral da AELG



DECLARACIÓN DE INTENCIÓNS

Sirva este pequeno introito para dar explicación sobre o criterio seguido para a confección deste roteiro. En primeiro lugar cómpre dicir que nada máis difícil que querer abranguer todo o espazo citado polo poeta, que coñecía como a palma da man cada recuncho da súa terra e aínda todo aquilo que a longura e largueza da súa vista era quen de albiscar dende as alturas. A súa poesía está ategada de topónimos e microtopónimos do seu arredor máis próximo, pero tamén de nomes de lugares que exceden desa fermosa serra courelá, e por iso quixemos adaptarnos á súa ampla visión non limitándonos a ela, senón deixándonos levar unha miga ata terras limítrofes que a súa palabra adornou, evitando, iso si, o paso por lugares de xa doado coñecemento por razóns que nada teñen que ver coa obra do poeta e permitíndonos, porén, algún *arrodeo* ou *desvío* a lugares que, integrados nos seus versos, poderían suscitar o interese do viaxeiro, e mesmo algún outro que, non es-tándoo, seguramente el aprobaría.



PRÓLOGO ÁS TRES RUTAS

A casa do Poeta, tamén chamada do Crego ou da Fonte está arrodeada de abondos lugares significantes para quen é devoto da poesía de Novoneyra como para facer un paseo demorado antes de calquera camiñada



Fontiña do carabel

ou desprazamento longo. A un amante do seu verso non lle é doado subtraerse á curiosidade por saber onde verte a súa auga a *fontiña do carabel*, que aínda que hoxe xa non estea avalada por unha faia, segue incólume a manar lenta, *dando xusto o que ún pode beber*. Dende o Camiño Real, o visitante curioso verá arriba a casa en toda a súa dimensión e abaixo o frondoso *souto de san Romao*, un lugar que conta ademais con *capela, fonte e lavadouro* dos que o mesmo santo é titular, e no que aínda se poden ver castiros da propiedade familiar rotulados cun N trazado coa man de quen coa súa ca-



ligrafía debuxou os poemas dándolles unha dimensión tan emotiva como estética. Subirá logo polo camiño que leva á entrada da casa parando na curva a mirar aquela onde tiña o *torno e a forxa Manoel de Ribadaira* (alí xogaba Uxío de pequeno), evocando o romance que o poeta lle dedicou a aquel home que foi vilmente asasinado no 36 na fonda cova de Teixeira, coñecida como a Buraca das Grellas. Chegados pé da casa aínda está o escano onde Uxío sentaba a escoitar o silencio ou a falar cos de paso. Dende aí o camiño ou a estrada.





ROTEIRO POLAS ENTRAÑAS DO COUREL: DE PARADA A PIAPÁXARO

A aldeíña do poeta, que quizais andará agora arredor dos vinte habitantes, ben merece unha volta antes de poñerse en camiño polo Real ata o cruzamento onde está o monólito que nos dá pé para ir na procura das entrañas courelás.

*“Courel dos tesos cumes que ollan de lonxe!
Eiquí síntese ben o pouco que é un home...”*

Así nos convida Uxío Novoneyra a entrar e a previrnos da pouquitude na que nos imos atopar logo de enfrontarnos a unha natureza tan poderosa. Para logo xa anunciarnos un algo de tanta inmensidade:

*“AUGAS Brancas da Rogueira!
Bouzas pechas d'uces e xestas!!
Abairas teixos faias xardois e reboleiras!
Outo bosco calado!
Fontiñas do corzo!*

*Carrozos picafondo!
Non hai outro templo máis vasto
nin outro credo
que este silencio..."*

Moreda

Tanto como Parada é Moreda aldea que suscita no poeta sentimento claro e próximo. Inevitábel, diríamos, se habemos de guiarnos polos seus afectos: *"Moreda das morodelas!..."* En Moreda danse as uvas e os abruños e mesmo ao entrar saúda unha moreira coas súas follas amplas e dentadas. Alí impartía a docencia o cuñado do poeta, e daquela aldea era o seu amigo cazador Ricardo: *"Andar e ollar de prea vai Ricardo de Moreda..."* Alí nun alto está a *fontiña da Rosa*, que el irmanda no verso con aqueloutra xa citada que mana de vagar moi preto da súa casa: *"Da fonte do Carabel / ate a fonte da Rosa."* Nese lugar tan entrañábel para o poeta está asentado o centro de interpretación da Devesa da Rogueira, por el tan ben cantada, na denominada *Aula da Natureza de Moreda do Courel*.



Vista do lugar de Moreda desde a Devesa da Rogueira

Monte Cido

O Cido é de mirar e andar, pero a súa elevación acada aínda máis altura pola lenda, xa que algúns cren que se trata do mítico Medulio das crónicas de Floro. *"Cido de castro e couso / cova e covallo / taro e ciñal!"* Disque a raíz do seu nome pode vir de *occidio* (matanza, carnizaría). En realidade trátase dunha lomba duns tres quilómetros de lonxitude que nace na Ferrería con 759 metros e morre en Campelo erguéndose ata os 1.009. Está cheo de covas e bu-



ratos e o seu castro está considerado un dos de maior extensión de Galiza. Nel foi atopada unha aguia de bronce dun estandarte romano e unha táboa (tésera) de hospitalidade dos Lougei do ano 28 d. C., que se conservan no museo provincial de Lugo, e aínda apareceu outra táboa máis antiga, *nomeada Tabula Lougeiorum*, que pertence ao primeiro ano da era cristiá e que está depositado no Museo Arqueolóxico da Coruña, no Castelo de Santo Antón.

Castelo do Carbedo

Aínda que xa só son restos, o seu aspecto é o dun cabalo rampante dentro do longo Cido. Precisamente foi nas súas proximidades onde se atoparon a aguia e mais as táboas das que antes falabamos. Non se sabe moi ben a data da súa construción, pero si que foi doado á Orde de Santiago por Nuno Peláez e a súa dona. Tamén que nas súas proximidades foi acollido polos monxes samoenses Afonso II O Casto para librarse do aristócrata Mauregato alá polo século VIII: “*De Mogoxe a Sobredo / de Sobredo a Seceda / e pola rota*

segreda / para as Asturias de Oviedo.” No século XV ao parecer o conde de Lemos pretende o castelo, pero a resistencia dos courelaos non lle permite a conquista. Di a lenda que o conde coñece a dona Ildara, que vivía no castelo, e queda tan enfeitizado por ela que toma o costume de achegarse ao castelo e esperar ata conseguir vela: *“Ventana de Doña Ildara / prá banda da tara! ...”* Segundo a lenda esta espera foi a que lle deu o nome á aldea de Esperante.



Vista dos restos do castelo de Carbedo

Esperante

“Do Carbedo i Esperante / su Mostad a Pontalor...” É a parroquia que acolle o lugar do mesmo nome, así como os de Carbedo, Liñariños, Millares, Mostaz, Campelo, Romeor e Castro de Romeor, pero de momento, pola súa proximidade, é conveniente que o viaxeiro saiba da existencia dun acampamento con todos os servizos e da *ermida* que baixo a advocación de san Pedro se ergue nun



Detalle da fachada principal da igrexa de Esperante, coa porta cegada

outeiro a carón das augas do Lor. Aínda existe unha ponte do século XVII para acceder a ela e os vestixios da *antiga reitoral*, ademais dun *pombal* e dun *sequeiro* aínda en pé. Tamén hai no lugar unha fermosa capela que baixo a advocación de san Roque acolle ademais da do santo a imaxe de santa Bárbara, patroa dos mineiros.



Pombal no contorno da igrexa

Devesa da Rogueira

Dende o alto do Couto, pola estrada local, accedemos a un dos espazos que, coa Lucenza, máis carácter lle imprimen a O

Courel. Esta devesa é un dos espazos que invoca o poeta nos seus versos con máis frecuencia, e non é de estrañar porque se trata dun verdadeiro tesouro natural onde non faltan os acivros, os teixos e as aciñeiras, pero tampouco os bidueiros, os carballos, as abeleiras, os freixos, os pradairos, as faias e dende logo os carnabudos, árbores tan do gusto de Novoneyra. As augas das fontes do Cervo caen lánguidas dende a rocha brancas e vermellas; calcarias e ferruxinosas. E ambas curadoras de moitos males. Covas, regatos,



carrozos, gatos bravos, corzos, xabarís, lobos, raposos, osos, bufos, curuxas, cucos, ferreiriños, perdices, *cotolovíos*, *ouriolos*, *tordos*, *merleaos*, arandos, romeu, xestas uces, carqueixas... Un lugar do que é inevitábel sentir nostalgia: “*Manxar memoria! Ir ó Courel oír falar a Terra / á Devesa da Rogueira...*”




Detalle dunha das covas que hai na Devesa

Monte Formigueiros

Ademais de ser un monte de ferro, é o máis ergueito entre tanta altura, pois chega aos 1.639 metros e hai traballos cartográficos

que lle dan catro máis. A extracción do mineral fixo que os topónimos derivados del se espallasen polo seu arredor. “*...Formigueiros Montouto Pía-Páxaro / tesos cumes do Courel! Pobos pobres / ardidos de tristura mouros de queimados!*”



Vista do monte Formigueiros

A Lucenza

Coa súa campá á altura dos 1.450 metros, deu pé para que Uxío dixese: “*Terras altas e craras da Lucenza / onde se ollan cerca as serras lonxanas!*” Pero se a campá satisfai o

ollar e mesmo convida no bo tempo a deitarse nun *claro* dela, a lagoa que alí aparece de maneira máxica está considerada o *brañal* máis antigo das montañas galegas, nada menos que da época glaciár, xa que polo visto a súa formación produciuse hai máis de 17.500 anos.



Baixada desde a campá da Lucenza á lagoa, no fondo

Monte Fedo ou Pico do Boi

Nel hai un excelente miradoiro erguido a 1.424 metros de onde é doado percibir unha ampla paisaxe dos montes e vales do arredor

e onde Novoneyra situaba un dos refuxios preferidos do lobo: “*Mora o lobo no Fedo...*” Quizais sexa aventurado, pero o seu nome podería provir do Ogam, un tipo de escritura que se orixinou no norte da península ibérica durante o neolítico e finalmente foi un estilo adoptado polos druídas. O Ogam sería algo reservado para a comunicación entre os sabios celtas e nel “fedo” tería o significado de “árbore”, malia que hoxe non sexa este tipo de vexetación un dos seus atributos.

Pía-Páxaro

Aínda é posíbel percibir beleza dende alí, malia a desfeita das louseiras. É a segunda altitude da serra courelá. Dende el é un quen de ver se o día é claro a vila de Monforte, e xente de longos alcances en vista e orientación din distinguir as dúas grandes elevacións do noso país, ambas na provincia de Ourense: Pena Trevinca e Cabeza de Manzaneda. Pía-Páxaro é ao primeiro dos eidos ao que o poeta quere ir: “*Hein d’ir o Pía Páxaro i a boca do Faro...*”

ROTEIROS CON ARRODEOS E DESVÍOS

Primeiro percurso

Saíndo da casa do poeta polo Real, dirixímonos á estrada autonómica virando á dereita en dirección norte, onde temos unha parada case inmediata.



Monólito instalado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega en 2000

Seoane

Cómpre dicir que Seoane –ou Savane, ou Sabane, como din e escriben os da zona– foi o lugar onde estivo asentado o concello do Courel dende 1834 ata rematada a guerra, sendo logo trasladado arbitrariamente a Folgoso. Pola súa proximidade, era destino propicio para os paseos do poeta, amigo de relacionarse cos seus veciños. Segundo o historiador e monxe Arias Cuenllas, en tempos houbo alí un cenobio dependente do mosteiro de Samos, a cuxa congregación pertencía o citado, pero hoxe en día o símbolo relixioso



Igrexa de Seoane

máis importante é a *igreja* que, baixo a advocación de san Xoán, se ergue no alto da pequena vila. De planta rectangular, para achegarse a ela ha de facerse pola rúa que lle foi dedicada ao poeta. No cemiterio de Seoane descansan os restos de seus pais e tamén os da poeta María Mariño. Na importancia mineira de toda a serra do Courel, tamén Seoane tivo a súa parte. A menos de medio quilómetro do núcleo de poboación está a *Ferrería Nova*, no lugar onde se xuntan o Lor e o río Pequeno. Naquel mesmo espazo está na actualidade situado o *colexio* da localidade, que dende 2010, ano no que se lle dedica o Día das Letras Galegas, tamén leva o seu nome. “*Polo Real de Parada / por Savane e por Piñeira...*”

Meiraos

A súa *igreja* está a case un quilómetro do núcleo de poboación –talvez para pór a proba a fe dos fregueses–. Disque quizais fose construída onde xa houbera outra dende remotos tempos. O edificio é de 1614, coas conseguíntes ampliacións e reformas, e nel hai un retablo onde figuran catro músicos do

país coa indumentaria tradicional que serviu de modelo para o uniforme da Banda de Gaitas do Courel. Cómpre mirar unha antiga *fonte* que hai no camiño da igrexa e a robusta *capela* no rueiro da aldea. “*Seoane da Ferrería / Meiraos de Santa María...*”




Detalle da igrexa de Meiraos

Taro Branco

Segundo algún dicionario consultado, un taro é un releve rochoso ao que só soben as cabras. Tampouco é tan así. Erguido a 1.228 metros, as rochas calcarias que o forman quizais lle propiciaran o nome e dende el pódese albiscar e chegar á *mina da Toca*, que ao parecer era un filón de ouro na época romana. O nome tamén é significativo se un se fixa

no corte, na amputación que sufriu esoutro monte debido ás extraccións de mineral. “*Brillan os bargos / no Taro Branco.*”



Teixeira

Esta aldea da parroquia de Noceda situada case no límite noroeste das terras do Courel é das máis altas, e a pouco dela está a *cova* ou *buraca das grellas*. Un lugar verdadeiramente interesante para un espeleólogo, pois trátase dunha cavidade duns oitenta metros, pero máis aínda que a súa fondura, quen a

puxo en bocas e lle deu sona foi un crime cometido nela polos fascistas na persoa de Manuel Cela Macía, coñecido por Manuel de Ribadaira, rapaz de vinte e un anos, veciño moi achegado ao poeta e á súa familia. Alí o botaron aínda vivo, logo de pegarlle catro tiros, e mesmo algún pobre de pedir polas portas ten contado que escoitara laios ao pasar preto de alí, polo que é de supor que padeceu unha longa agonía. Así o expresa Novoneyra no Romance de Manoel de Ribadaira dedicado a seu amigo Federico García Cabezón: *“POR toda a serra homes galgando / de noite petan MANOEL CELA chamaron / MANOEL DE RIBADAIRA pros do lado...”*

Aínda que non sirva de conforto, non vén mal saber que, como o romance recolle: *“...eran catro os que o pasearon / e todos iles morreron arrabeados.”*



Buraca das grellas

Lousada

Xa en terras de Pedrafita, a súa *igreja* parroquial acolle as imaxes barrocas de san Pedro e san Paulo, algunhas tallas de interese e tamén retablos neoclásicos entre os que hai que salientar un da Virxe co Neno do século XVI. *“... cara Pacios por Lousada / Fondes-tela ou Valorqueira.”*

Pacios

A Casa Grande de Pacios tiña vínculo e morgado fundados no 1696, gozando os seus donos de poder civil e criminal no coto. Actualmente este pazo está unido á igrexa parroquial, edificación que está baixo a advocación de san Lourenzo, con planta irregular e muros de cachotaría, con cuberta de lousa a dúas e catro augas. Posúe torre cadrada de tres corpos, e no interior retablos e esculturas. Cómpre resaltar esta aldea porque nela naceu a nai do poeta, Manuela Neira, e talvez por iso aparece repetidas veces nos seus versos envolta en afecto: *“...cara a Pacios de Lousada / o solar da miña mai”*. Así

e todo o xenitivo máis empregado nos seus poemas ao referirse a esta localidade é *do Señor*. O señorío, que devén dos Saco e dos Armesto, conserva como reliquia do pasado un singular *brasón* labrado en alabastro. Ao timbre, un rostro mirando á fronte con viseira a modo de helmo, os bordos con abundante decoración de lambrequíns; o campo aparece cortado e partido, e nos seus cuarteis amósanse divisas dos apelidos relacionados co pazo.




Fonlor

Ao Lor pásalle como a moitos ríos dentro e fóra da Galiza ou a escritores como o ínclito Valle Inclán, pero do que non cabe dúbida é de que Fonlor deriva o seu nome da crenza de que o manancial que alí agroma é o que lle dá a luz a este río que percorre a comarca courelá de norte a sur, regando pola súa conta cincuenta e catro quilómetros de territorio antes de atoparse co poderoso Sil, ao que lle nutre o caudal en chegando ás terras quiroguesas de Augas Mestas.

Hai quen conta que lle contaron que hai moito tempo alguén contou que seguindo río abaixo e cerca da desembocadura vivía unha familia de pastores que tiña unha fermosa filla chamada Lor, unha rapaza pretendida en toda a contorna por ser considerada a pastora perfecta. Polo visto ocorríalle algo moi singular, cando mollaba os pés na auga do río transformábase nunha cadela negra e branca. Cando adquiría esa forma, ía en axuda dos seus pais para axudarlles a gobernar o rabano. Ela soa era quen de guiar centos de ovellas ata o curral. Tamén se dicía que era máis intelixente e destemida que unha ducia

de lobos e que cando estaba no labor era incansábel. Era quen de correr máis dunha ducia de leguas sen parar ata chegar á fonte onde nace o río. A súa sona facía que os do lugar a chamasen para traballar cos seus baños remunerándoa. Ao rematar a tarefa, seica volvía ao río a refrescarse e de paso recuperaba o seu aspecto de belida moza.

Fonlor é hoxe unha aldeíña case deshabitada que pertence á parroquia cebreirega de Zanfoga, á que lle asiste ese mérito de nai fluvial e o de ser evocada polo noso poeta: *“Por Fontes e Grandalonga / ó Chao de Veiga de Forcas / a Fonlor e Fonteboa...”*



Canón do río Lor, que nace en Fonlor

Romeor


O lugar de Romeor ten unha especial fermosura na súa natureza e na aldea sabemos da existencia dun túnel *acueduto* de sesenta metros construído polos romanos entre os séculos I e III d. C. que se utilizaba para levar a auga ata os xacementos de ouro que por alí



Detalle da entrada ao túnel

había. Ao parecer para extraer o mineral utilizaban o procedemento do cambio brusco de temperatura, alternando o lume e a auga para que a rocha lañase.


Romeor foi o primeiro destino courelao de Roberto Posse Carballido, home da poeta María Mariño Carou, para exercer a súa profesión de mestre. Novoneyra, seguramente influenciado pola beleza do lugar, imaxina: *“Ildara de Romeor / fía e canta no Sumedo / á raia do albor.”* Pretiño desta aldea hai unha aldeíña chamada, por selo, *O Castro de Romeor*.



Vista dos montes e da aldea de Romeor, ao fondo, na subida cara ao túnel romano

Céramo

Nestas terras tan ricas en mineral, non só foron o ferro, o chumbo, o ouro..., tamén o mármore. Unha casaíña nesta aldea dá proba disto amosando o enmarcado dalgunha das súas fiestras. Dise que en Savane houbo can-teira del. En Céramo, que está a carón do xigante e férreo Formigueiros, tamén houbo unha ferrería, mais disque nunca chegou a funcionar. *“Hein d’ir a Céramo cruzal’o Faro i entón / debrocar pra baixo cara a Oéncia e León.”*



Detalle dunha rúa entre as casas de Céramo

Visuña

Nesta aldea grande e muiñeira que toma o nome do río que a rega, aínda se poden ver, ademais de dous muíños activos ata hai pouco, algunhas casas medievais con galería aérea. Seica antes era *Visonia* o seu nome e nela ao parecer houbo un mosteiro fundado no século VII por san Frutuoso do Bierzo. Preto desta localidade está o *castro de Torexe* que, segundo o catastro de Ensenada, era onde se reunía a xustiza ordinaria da bisbarra, con xuíz, rexedor e procurador. “*De Visuña ó Couto. / Se a neve apura / do Couto ó souto / en dereitura...*”

A Seara

Xa pertence ao concello de Quiroga. A cantidade de referencias na poesía de Novoneyra sobre os lugares desta parroquia é tanta, que quizais mereza unha visita tan polo miúdo, tan *inorde*, como os máis próximos á súa casa. Na Seara está o *covallo de dona Briosa*: “*No Carbedo Dona Ildara / Dona Briosa na Seara...*”, o cortello dos cervos ou



Campo Lerín. Tamén está a fervenza de vinte e cinco metros coa que en *Vieiros*, lugar da parroquia, o Selmo agasalla a quen se ache-



Fervenza de Vieiros

gue a vela. A aldea ten tamén o seu interese, pois atópase bastante ben conservada e mesmo hai un albergue de montañeiros onde é posíbel darlle ao dente e é doado que ofrezan caza. A *igrex*a parroquial, baixo a advocación de santa María Madanela, está na estrada e conserva no seu interior retablos neoclásicos, mentres que a súa arquitectura amosa feitura dos séculos XIV e XVIII. *“Covallo de Dona Briosa! / Lagos fontañas outas / da Seara! / Campo Lerín Murelos / Cortello dos Cervos”*.



Desde A Seara axiña podemos chegar ao lugar de Soldón

Ferramulín

O topónimo dá ferro e fariña sen necesidade de rañar moito en etimoloxías. Fronteiriiza xa coa comunidade leonesa, esta aldea é a elixida polo Visuña e mailo Selmo para xuntárense. Disque é doado nela ver as habilidades pescadoras das lontras. Ten aínda en pé fermosas construcións dignas de mirar. *“...a Ferramulín / pasados Vilarrubín / Ferranulín Hórreos pechado...”*



Múinos en Ferramulín

Vilarrubín

Non se detiña a mirada de Uxío por lindes administrativas e aínda nos seus versos apa-

recen vilas e aldeas do Bierzo como esta que, pertencendo ao municipio de Oencia, aínda conserva entre estas dúas localidades o trazado do antigo camiño carreteiro chamado o *Real de Valtelón*, por onde se transportaban as mercancías das ferrerías. “...por Corullón e Oencia / por Vilarrubín...”

Oencia

É capital de municipio. Dun dos corenta e oito que conforman o galego estremeiro. De tan eufónica toponimia, á que só lle falta un



Vista desde a igrexa de Oencia

signo vocálico, a vila ten arredor do medio milleiro de habitantes. Abundan neste municipio, como n'O Courel, as ferrerías abandonadas, aínda que na segunda Guerra Mundial o volframio foi o mineral máis cobizado. A vila conta cunha *igrexa* de agradábel mirar.

De Oencia e da súa identidade dicíase nun estudio no Simposio "Lindeiros da Galeguidade" organizado polo Consello da Cultura Galega no ano 1990: "A poboación de máis de cincuenta anos non ten moitas dúbidas. Non lles importa a onde pertencen legalmente: eles séntense galegos... *somos galegos, porque falamos galego*, pero nese traballo faise referencia a consideración de Galicia como unha comunidade que é contemplada cunha lóxica dualidade: a Galicia próspera e distante da costa, coa que non se identifica o habitante de Oencia, e a Galicia interior, á que rexeita non porque non a sinta próxima, senón porque é pobre e está en clara regresión". Dixera Uxío na Clausura da II Xornada da Cultura e Lingua Galegas celebrada o 21 de agosto de 1994 no Teatro de Vilafranca do Bierzo: "*Cando nos anos anteriores ós corenta, do Courel se tiña que saír a unha vila grande, estaban á mesma distan-*

cia Sarria, Quiroga, O Barco e Vilafranca... estaba neso que chamamos a redonda. Era terra de un que logo se distanciou ó dirixírense as vías de comunicación para outro lado ó deixarse o cabalo... pero sen que caise nunca fóra do meu tempo nin fóra de Galicia. Logo, como unha superposición de tipo ideolóxico e dato oficial, soupen que senón na Galicia administrativa, Vilafranca era Lingua de Galicia, a que falaron os homes que a construíron. Os mesmos que fixeron a Lingua que nos fixo e na que logo quedaremos cando se esqueza o noso nome i o noso rostro”. “...debrocar pra baixo cara Oéncia e León.”



SEGUNDO PERCURSO

Saíndo de novo da casa do poeta polo Real, dirixímonos tamén desta vez á estrada autonómica virando á esquerda en dirección sur, onde axiña teremos unha indicación á dereita á que deberemos facer caso.

Mercurín

Segundo un veciño, na aldea non quedan máis que trinta habitantes por unha estradiña irada, malia que este núcleo de poboación non está máis que a uns 700 metros sobre o nivel do mar. O gran espectáculo de Mercurín é a súa contorna e sobre todo o souto coñecido como o *Val das Mouras*, un arboredo que parece saído dun conto e que seica está asentado sobre o que en tempos remotos foi unha gran caverna da que aínda quedan vestixios. Unha das covas de alí coñécese co mesmo nome do lugar, e aínda hai outra de interese espeleolóxico coñecida como do

Eixe. Enriba do rueiro de casas hai unha pequena capela. Mais se un se sente con forzas aínda haberá subir un pouco ata acadar os 1.057 metros onde está situado o *Castro de Brío*, lugar que paga a pena visitar para recreo do sentido da vista. Abaixo flúe o río Pequeno. “*Hein d’ir a Cido i a Castro de Brío / baixar i andar pola aurela do río.*”



Castiñeiros no Val das Mouras, nados entre as rochas da caverna

Castro de Mogoxe

De camiño cara a Seceda, non estaría mal parar a mirar o *Castro de Mogoxe* (ou *Me-goxe*), que polo visto foi creado no seu día para controlar o paso a Samos. Existe a lenda

de que en Mogoxe está enterrado o príncipe Afonso, fillo de Fruela, con sete candeeiros e sete brazos de ouro. Tamén se conta que nos anos cincuenta do século pasado un paisano dunha vella fundición atopou unha prancha de bronce cun xinete con armadura e escudo na parte superior. O home dixo que a vendera e non sabe onde foi dar, mais hai xente que di que viu a peza. “*De Parada e do Carbedo / á Ferrería e Mogoxe...*”

Sobredo

Preto da localidade de Sobredo está o chamado Castro da Torre que os expertos consideran foi construído alá polo século III d. C. Nel pódense ver aínda restos de vivendas e do foxo defensivo. “*De Magoxe a Sobredo...*”



Castro da Torre

Seceda

Cómpre facerlle unha visita a esta fermosa aldea restaurada con Fondos Europeos, ergueita a uns 760 metros de altura. Vindo de *Sobredo*, a dous quilómetros dela, no lugar chamado *Ponte da Pedra* pódese ver unha fermosa ferverza. Hai en *Seceda* cinco *muíños*,



Camión cara aos muíños

aínda que só tres se conservan de maneira aceptábel. A poboación ofrécelle mel e chourizos aos visitantes. Mesmo hai unha casa de turismo rural onde se pode comer. Perten-

cente á mesma parroquia, a pouca distancia, está a aldeíña de *Cortes*, que tamén foi restaurada. “... de *Sobredo* a *Seceda*...”



Folgozo

É a capital do municipio courelao dende rematada a guerra civil; o seu escudo, feito público en xaneiro de 2009 pola Xunta de Galicia no D.O.G é: *En campo de ouro, un castiñeiro deitado con dúas cruces de Santiago de goles, unha a cada lado; en punta, encaixado de catro picos altos de sinople*

sobre ondas de prata e azur. Ao timbre, coroa
real pechada. O concello ten nove parroquias
que abranguen corenta e sete aldeas. “*Courel
dos tesos cumes que ollan de lonxe! / Eiquí
síntese ben o pouco que é un home...*”



Vista do lugar de Folgoso

Santa Eufemia

Ameazada polas louseiras, aínda conserva
un fermoso souto e a aldeíña ten unha *fonte*
xeitosa de boa auga preto da particular capela
desta santa que tanto predicamento parece ter
por esas terras. “*Terras xabreiras de Parada
e Sant’Eufemia! / Xeadas brancas e ne-
gras!...*”



Parroquia de Vilamor

Vilamor é a aldea que lle dá o nome á parroquia que patrocina san Vicente e aínda que hai moitas casas en estado ruinoso, posúe unha estrutura digna de facer parada. *Froxán* é outra das aldeas parroquiais, mais esta puido beneficiarse dos Fondos Europeos para ser restaurada e dá gusto vela. Sendo conselleira de Cultura Ánxela Bugallo, foi declarada pola Xunta Ben de Interese Cultural (BIC). Se os que se acheguen a ela precisan do sobrenatural, poden beber un papado na *fonte do milagre*. Precisamente así se chama a asociación de veciños de alí, que en colaboración coa Casa da Aira, establecemento dedicado ao turismo rural, emprenderon hai pouco a recuperación da técnica de fabricar carbón baixo terra. Hai en *Froxán* quince casas abertas todo o ano e cada novembro celébrase alí por todo o alto a *Festa da Pisa da Castaña*.

Da mesma parroquia, *Vilar* é unha aldeíña case deshabitada que queda a continuación e na que se pode visitar un castro moi interesante cuxa construción se supón entre os séculos II e IV. “*Souto sin folla! / Cerdeiras roxas e bidueiras marelas!*”



Festa da pisa, en Froxán



Camiño que leva á capela de san Roque e ao castro de Vilar



PLANOS

Ruta 1



Ruta 2



Ruta 3





